

RODRÍGUEZ GONZÁLEZ, Mariano: *El sujeto velado. A partir de Nietzsche y Wittgenstein*, Editorial Biblioteca Nueva, col. Razón y Sociedad, Madrid, 2010, 270p.

Mariano Rodríguez González, profesor de Filosofía da Facultade de Filosofía da Universidade Complutense de Madrid, presenta un ronsel de meditacións arredor do suxeito materializadas en forma de aforismos. Revelan un nervio filosófico infrecuente e permiten acceder á fragua íntima na que se forxa, con tesón e destreza, un pensar filosófico persoal, orixinal. O libro destila unha inquebrantable honestidade do autor consigo mesmo, que traslada a un trato sincero co lector e unha fidelidade irrecusable ao pensamento. A variedade temática dos aforismos aquilata un conxunto de intereses, preocupacións, dúbidas e oscilacións, que permiten, nunha lectura calma e serena, descubrir a un filósofo profesional no exercicio de autoaclararse, autocoñecerse e, o máis complexo, autoexponerse na escrita. Aquí reside un dos logros do libro: desvelar un suxeito pensante, en transo de pensar. Estes movementos resultan de grande utilidade formativa para o lector.

Na introdución, titulada «Trepando a sus hombros», crúzanse interesantes reflexións sobre dúas figuras e as súas filosofías: Nietzsche e Wittgenstein. Na busca do seu sentido profundo, estas reflexións proxéctanse sobre a pantalla dun terceiro filósofo: Michel Henry. Por que? O autor amosa unha preocupación recorrente que aborda desde diversos ángulos: a afectividade como realidade radical, a auto-afección da Vida como unidade na orixe (primeiro —ou último— *humus* ontognoseolóxico). A Vida é o punto vibrante sobre o que fai pivotar a Wittgenstein (xogos da linguaxe ancorados nas formas de vida), Nietzsche (realidade como manifestación da loita entre pulsións e forzas vitais), Henry (a Vida que descarta de antemán toda exterioridade e se furta á distinción suxeito/obxecto). Segundo o autor, esta Vida debe oporse ao dominio da Máquina, conceptuada como modelo, pretendidamente único e verdadeiro, de comprensión e autocomprensión do humano no século XXI. Con esta formulación, e desde unha sólida plataforma conceptual, lánzanse as primeiras críticas aos reduccionismos (ontolóxicos, epistemolóxicos, éticos) que porta o programa cientificista (naturalista, fisicalista, funcionalista) de explicación do humano. A isto hai que sumarlle os aforismos nos que o psicoloxismo queda desarticulado e, xa que logo, desautorizado na súa pretensión de explicación holística da experiencia humana. O autor, desde unha filosofía vitalista e perspectivista, intenta extraer a sabedoría dos pensadores anteditos, filosofar *a partir* deles, sobre os seus ombreiros. Moitos dos apuntamentos son leccións dun filósofo que reflexiona

---

Recibido: 17/09/2013. Aceptado: 09/12/2013.

sobre outros filósofos, aos que fai ir da man, malia as súas discrepancias e antagonismos. Así é como, para el, se torna produtivo o pensamento filosófico.

A introdución abrangue 204 aforismos sobre Nietzsche (vontade de poder, cultura, vida, pulsións), Wittgenstein (loucura, pensamento, gramática, xogos da linguaxe, prácticas, estética), Freud e Lacan (enfermidade, eu, psicose, utilidade da psicanálise), entre outros. Aparecen os primeiros aforismos sobre a Máquina (ou mirada maquinaica) que monopoliza a autocompreensión do humano (e non humano), o cultivo acrítico das ciencias, o papel vital das crenzas, a redución psicoloxista da experiencia estética, o papel da filosofía na loita contra a estupidez, a función primordial da afectividade na xénese das tres formas de ver-o-mundo (representación, palabra, perspectiva). Tamén hai fragmentos máis íntimos, nos que o autor debate consigo mesmo con lucidez e, frecuentemente, crúa autoesixencia, sobre os límites da autonomía persoal, o autocontrol, a posibilidade do pensamento, o coidado da propia soidade, a utilidade do eclecticismo, a autoconsciencia do traballo filosófico.

O capítulo I, «De viaxe», recolle anotacións de itinerarios persoais por lugares e momentos, ideas, lecturas, intervencións en tribunais de teses de doutoramento. Atraen o sarcasmo vertido sobre a explicación naturalista da envexa (como espírito de xustiza), a seria reflexión sobre o mal moral, o humor, a Pascua ortodoxa, o espazo-tempo vivido en Santiago de Compostela. É digno de destacar un interesante fragmento tomado da súa intervención como *iuri* nunha tese sobre Derek Parfit (do que o autor traduciu *Razones y personas*, A. Machado Libros, Madrid, 2004). A isto hai que engadir unha sutil observación sobre Karl Kraus, unha longa meditación sobre a filosofía como loita contra a estupidez, e sobre a estupidez como fracaso estético e moral. Neste contexto, o autor dá un paso a respecto do antedito arredor da Vida: aparece o concepto de «misterio da vida».

O «misterio da vida» posúe unha tripla dimensión: ser filósofo hoxe é preservar este misterio contra a súa disolución cientificista; evitar a súa desaparición equivale a que o filósofo combata contra a súa propia estupidez; estar cabo do misterio da vida é, primeiro, clarificalo conceptualmente (recollendo o máis interesante de cada pensador, cun espírito eclético creador) e, segundo, construír unha filosofía ancorada xenéticamente na afectividade. O obxectivo é explícito: achegarse á sabedoría dunha «*vida sensata*, la única relativamente feliz» (p. 93). Mais, ao tratarse dun achegamento, non pode ser posesión, senón «*movimiento que tiende ansiosamente al saber pero que nunca puede consumarse en el saber definitivo, so pena de su propia destrucción*» (p. 98). Configúrase un duplo transo nun único movemento: da perplexidade ao coñecemento (destrución da estupidez); do coñecemento ao autoconñecemento (evitación da solidificación do coñecemento en trivialidade, banalidade, prexuízo).

O capítulo II, «El infierno», versa sobre a identidade (persoal, colectiva). Malia que os seus 221 fragmentos manteñen a pluralidade de temas dun discurso fragmentado e fragmentario, hai unha liña de continuidade cos capítulos anteriores: críticas ao psicoloxismo e socioloxismo, necesidade vital da filosofía como autoconciencia, autopercepción da Vida a través do eu. Neste capítulo o autor demostra unha acusada capacidade de introspección (zafándose das trampas do eu) ao rozar a maleza na que un mesmo (sen camiños previos) pode gañarse, perderse, ou envorcarse en calquera tipo de delirio. O uso da «racionalidade expresiva», na práctica do recoñecemento dun mesmo e dos outros, revélase como o recurso máis fiable (e equilibrado), ademais de ser a opción menos estúpida (e máis franca) para o entendemento (pacífico, respectuoso). Resulta imperativo traballar (observar, estudar, construír) a propia identidade baixo o precepto da prudencia. Isto significa a consciencia de varios feitos: cadaquén debe saber que porta unha biografía (a pesar de ser dificilmente perceptible desde o autorelato das propias vivencias); hai un perigo real de minorar a identidade no contacto intenso cos outros (ben por dispersión entre moitos, ben por concentración nun só); a autocomprensión radical da persoa é soidade; a reserva, contención, inclusive circunspección, son ferramentas lexítimas de supervivencia no entorno social; a envexa é un proceso de destrución (anulación, escravización) do envexado; o «pathos da distancia» pode empregarse como regra de actuación moral. En ocasións aparece conceptuada unha tensión: a que se establece entre a espontánea prodigalidade (do eu) que fai agasallos aos demais, e a reflexiva autocontención (dirixida á propia pervivencia). Estes aforismos son realmente brillantes. O dilema, entre a entrega sen reservas aos demais (promiscuidade da alma) e a acumulación de reservas para un («pathos» da distancia), resólvese a favor do segundo polo. O título cobra así «un» significado existencialista: o infierno son (fundamentalmente, non unicamente), os outros (os envexosos, aqueles cos que se traballa e non se comparte ningunha afinidade nin inclinación, aqueles que poden tolearte), mais, tamén, eu mesmo (o meu desexo e falta de medida, o altruísmo indiscriminado).

O capítulo III, «La máquina y la vida», é un mosaico de atinadas críticas e finos cuestionamentos, elaborados desde os puntos de vista ontolóxico, epistemolóxico, ético, ao modelo cientificista da «máquina», e á súa pretendida potencia explicativa holística dos fenómenos que xiran arredor da identidade persoal, a relación mente-corpo, o funcionamento real da mente-cerebro, o desenvolvemento da conduta humana. Estas variacións, que mostran un amplo coñecemento dos autores do campo da filosofía da mente, demostran as limitacións deste paradigma (naturalista, fisicalista, materialista), os seus paradoxos e contradicións, a inconsistencia de aplicar a previsión e cálculo do modelo máquina ao corpo-mente humano. O autor tamén elabora os fragmentos do

relato da xénese da fascinación humana pola máquina. O que logra desvelar, con nitidez, é que o naturalismo materialista é humano, demasiado humano: unha perspectiva «máis», unha forma de mirar erguida a verdade incontrovertible. Contra este modelo o autor recorre á ética. Mais unha ética entendida como o máis alá do mecánico: o que toca o carácter enigmático do mundo, a salvagarda do misterio da Vida. Unha ética que conta coa intencionalidade, a historia, a liberdade de pensamento, e sobre todo, o perspectivismo.

Precisamente, o capítulo IV «Seriiedad», ábrese ao misterio da Vida desde unha perspectiva relixiosa. Son 140 aforismos que afondan na natureza da crenza, a moral cristiá, os valores da Igrexa católica, o sufrimento, o papel de Deus e Xesús na vida das persoas ateas, o pecado. Fonda nas contradicións internas do pensador ateo con formación católica e coñecemento da doutrina cristiá. O autor mantén, con pulso e rigor, o espírito reitor do libro: a honestidade consigo mesmo. Por exemplo, no aforismo número 20 consigna a secuencia da súa «experiencia peculiar»: comeza no egocentrismo optimista; pasa polo descubrimento da teleoloxía ou intencionalidade dos acontecementos da vida propia; transita pola incapacidade ou imposibilidade de que sexan os outros humanos a causa desa teleoloxía; instálase na ideación de que Deus dispón as ocasións da vida e na subseguente negación crítica desa ideación; executa unha tentativa de conciliación do *amor fati* nietzscheano coa intencionalidade do Deus cristiá. Neste terreo inédito, o autor sinte a estraña proximidade do divino nos feitos do mundo e formula a hipótese da existencia dunha *anima naturaliter christiana*. Hai unha reconsideración, desde o punto de vista nietzscheano, da figura de Cristo e do que significa ser cristián, tras coñecer e practicar a ciencia, a filosofía e o ateísmo.

No último conxunto de textos, «En conclusión, o el despegue», o autor mantén un vivo diálogo consigo mesmo sobre a substancia e función da «racionalidade expresiva»: posibilita o autoconhecimento (e o heteroconhecimento); ten natureza ética; non é reducionista; abre á felicidade; promove a comunicación intersubxectiva; enraíza na afectividade; prevén contra a estupidez; permite levar o pensamento ao mundo.

Estamos, en suma, diante dun libro denso en pensamento, rico en posibilidades conceptuais, pródigo en experiencias, que fornece ao lector de coñecementos filosóficos heteroxéneos e dispares, e mostra a dilatada experiencia dun profesor de filosofía que ten a xenerosidade de compartir a súa propia filosofía cos lectores. Dicimos «propia filosofía», porque precisamente ese podería ser un «suxeito velado» ao que alude o título do libro: o suxeito que crea, constrúe, edifica unha filosofía para a comunidade e, como non, para el mesmo, cos materiais da súa vida cauta e pensante.

MIGUEL ÁNGEL MARTÍNEZ QUINTANAR